



Teaching Guide

Identifying Data					2013/14
Subject (*)	Literatura Poscolonial	Code	613G03026		
Study programme	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	2nd four-month period	Third	Obligatoria	6	
Language	English				
Prerequisites					
Department	Filoloxía Inglesa				
Coordinador	Frias Rudolphi, Maria	E-mail	maria.frias@udc.es		
Lecturers	Frias Rudolphi, Maria Nuñez Ponte, Carolina	E-mail	maria.frias@udc.es c.nunez@udc.es		
Web					
General description	Estudo das principais etapas, autores/as e obras da literatura en lingua inglesa escrita en África, América, Asia e Oceanía. Introducción socio-histórica ao mundo colonial e poscolonial no ámbito anglófono. Estudo das claves teóricas da crítica poscolonial do século XX e das novas escolas críticas (Diaspora Studies, literatura transnacional, etc.).				

Study programme competences

Code	Study programme competences
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A6	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa.
A7	Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A16	Ter un coñecemento avanzado das literaturas en lingua inglesa.
A17	Coñecer a historia e a cultura das comunidades anglófonas.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Learning outcomes

Subject competencies (Learning outcomes)	Study programme competences		
Coñecer as literaturas en lingua inglesa dos países de África, Caribe e Diaspora Africana	A1 A7 A16	B5 B8	C2 C4



Coñecer o contexto socio-histórico e cultural das comunidades anglófonas de fóra de Europa, con especial atención á súa relación cos textos literarios da materia.	A16 A17	B1 B5 B7 B8	C2 C4
Coñecer e aplicar os métodos de análise literaria, prestando especial atención ao enfoque da teoría e crítica poscoloniais.	A1 A2 A3 A11 A15	B1 B2 B3 B6 B7 B8	C2 C4 C6 C7
Elaborar documentos escritos, maioritariamente ensaios e comentarios de texto en lingua inglesa, e levar a cabo exposicións e intervencións en lingua inglesa, con corrección e coherencia.	A6 A9	B1 B3 B5 B7 B8	C2

Contents	
Topic	Sub-topic
1. Colonial and postcolonial anglophone countries in West Africa and the Caribbean: Introduction to history and theory.	1.1. Colonial and postcolonial anglophone countries: a socio-historical introduction. 1.2. Key concepts in postcolonial criticism and theory: national, cultural and linguistic identities. 1.3. Key approaches to postcolonial criticism and gender issues.
2. Postcolonial literatures in English. 3. On recurrent themes and subthemes in postcolonial literatures.	2.1. Postcolonial literatures in Africa: Achebe, Nwapa, Aidoo, Darko, Adichie, Dangarembga, Atta, and other authors. 2.2. Postcolonial literatures in the Caribbean (West Indies): Olive Senior, Edwidge Danticat, Jean "Binta" Breeze, Louise Bennet, Jamaica Kincaid, Bob Marley, and other authors. 2.3. Postcolonial literatures in the African Diaspora: Caryl Phillips, Bernardine Evaristo, Grace Nichols, Jackie Kay, Olive Senior, Samuel Selvon, David Dabydeen, Linton Kwesi Johnson, James Berry, Taiye Selasi, and other authors. 3.1. Physical and psychological journeys. 3.2. Identity crisis (unbelongin/ Aculturation traumas). 3.3. Choosing to stay, to leave, to come back home. 3.4. Female versus Male versus Homosexual discourses.
4. Towards transnational and diaspora studies	4.1. Key concepts in transnational and diaspora studies 4.2. Transnational and diaspora literatures in Europe, US, and elsewhere. 4.3. Flexible borders, multiple homes, navegating plurality, writing & rewriting labels, cultural appropriations, moving beyond boundaries.

Planning			
Methodologies / tests	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Workbook	3	42	45
Document analysis	12	24	36
Guest lecture / keynote speech	6	0	6
Directed discussion	12	12	24
Long answer / essay questions	8	24	32
Problem solving	1	1	2
Personalized attention	5	0	5



(*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Workbook	Para unha materia de literatura resulta esencial que cada estudante se responsabilice de ter feitas as lecturas asignadas para cada día antes de entrar na aula. Cada estudante deberá levar a cabo a lectura das fontes primarias (textos literarios), maioritariamente, e tamén, en menor medida, de fontes secundarias de extensión reducida. Só se levarán a cabo lecturas en clase cando se trate de textos breves. O calendario detallado de lectura darase a coñecer na primeira clase da materia.
Document analysis	Este tipo de metodoloxía corresponde ao comentario ou análise textual, neste caso da narrativa ou poema que se está a estudar en cada tema, e será a metodoloxía máis utilizada nas aulas de docencia interactiva (DI), co grupo intermedio, xunto coa discusión dirixida. Algúns destes exercicios, elaborados e redactados en clase, neste caso nomeadamente nas clases co grupo grande (DE) serán recollidos pola profesora e computarán a efectos de avaliación. Nos seminarios cos grupos pequenos (TGR) se procederá a explicar os erros e dúbidas máis relevantes dos exercicios recollidos en clase. Tamén se levarán a cabo análises textuais nas probas finais, nas datas oficiais de exames (xuño e xullo).
Guest lecture / keynote speech	Neste tipo de sesións a docente explicará o contexto socio-histórico e cultural no que se inscriben os textos a analizar, se explorarán os conceptos teóricos máis relevantes nos estudos poscoloniais e se proporcionarán pautas de análise textual. As sesións maxistras levaranse a cabo nas clases co grupo grande, correspondentes á docencia expositiva (DE).
Directed discussion	Nesta actividade, partindo dos textos e das explicacións da docente, o alumnado será animado a participar por medio de preguntas ou temas de debate. Pode ter lugar ocasionalmente nas clases correspondentes ao grupo grande, pero principalmente será a metodoloxía arredor da que se estruturan as horas asignadas ao grupo intermedio, de docencia interactiva.
Long answer / essay questions	Estas probas inclúen tanto exercicios de clase como probas finais. Consisten na elaboración de ensaios breves en resposta a preguntas teórico-prácticas (essay questions). A meirande parte destes exercicios levaranse a cabo en clase (previsiblemente no horario correspondente ao grupo completo), se recollerán e computarán a efectos de avaliación. Nos seminarios cos grupos pequenos (TGR) se procederá a explicar os erros e dúbidas máis relevantes dos exercicios recollidos en clase. Tamén se levarán a cabo probas de ensaio nas datas oficiais de exames (xuño e xullo).
Problem solving	Este tipo de metodoloxía atenderá tanto ás dúbidas que xurdan das lecturas, debates, análises, estudo de casos e probas, como aos problemas prácticos plantexados nos traballos e presentacións orais.

Personalized attention	
Methodologies	Description
Problem solving	Como corresponde ao tipo de avaliación continua que caracteriza a esta materia, cada estudante ou grupo reducido de estudantes precisará dunha orientación persoalizada, nomeadamente no que se refire á comprensión dos textos e conceptos, e no que atinxe á súa participación en clase e á elaboración de exercicios escritos. A devandita orientación se desenvolverá ben nas TGR (Titorías de Grupo Reducido), ben nas titorías semanais, onde tamén se atenderán dúbidas e problemas puntuais.

Assessment		
Methodologies	Description	Qualification
Directed discussion	A discusión dirixida levarase a cabo en sesións presenciais de carácter práctico e con dinámica de grupo. Valorarase a participación activa de cada estudante no debate ou discusión, ademais da calidade do resultado. En concreto, o 30% asignado a este apartado divídese en 20% para actividades individuais e grupais desenvolvidas fundamentalmente na clase e 10% para a actitude colaborativa e participativa amosada durante a clase. Aquel(a) estudante que non participe dabondo nas actividades orais ao longo do curso terá que superar probas orais en xuño e/ou xullo (vid. observacións).	30



Long answer / essay questions	Ademáis de ter realizado as lecturas e de ter atendido ás explicacións do/da docente, neste tipo de actividade o/a estudante amosará o seu grado de comprensión e aproveitamento das devanditas explicacións e lecturas. Na avaliación destas probas escritas, tanto nas recollidas como exercicios de clase ao longo do curso como nas correspondentes aos exames finais (xuño e xullo), terase en conta especialmente a capacidade de reflexión crítica sobre os textos analizados ou os conceptos baixo estudo. Tamén se valorarán as competencias lingüísticas propias do grado, nomeadamente a calidade da expresión escrita.	35
Document analysis	Neste tipo de actividade o/a estudante amosará o seu grado de comprensión e aproveitamento das lecturas encomendadas, por medio do comentario e análise textual. Terase especialmente en conta a capacidade de reflexión crítica sobre os textos analizados. Tamén se avaliarán as competencias lingüísticas propias do grado, nomeadamente a calidade da expresión escrita en lingua inglesa.	35

Assessment comments

Para superar a materia, a suma das distintas probas, traballos e demais actividades avaliábeis terá que superar o 5 sobre 10. As probas escritas incluírán os comentarios de texto e probas de ensaio feitas ao longo do cuadrimestre, ademáis dunha proba final (análise textual, preguntas, ensaio) de máis peso na oportunidade de xuño. Para realizar a suma dos distintos aspectos avaliábeis, o/a estudante deberá acadar alomenos 4 sobre 10 en cada un dos tres apartados de avaliación (40% exercicios escritos ao longo do curso, 30% das probas finais, 30% de actividades e participación). So as/os estudantes que tiveran realizado alomenos un 50% da avaliación continua poderán presentarse ás probas finais de xuño; as/os demais terán que realizar esas probas en xullo.

ESTUDANTES CON DISPENSA: Para complementar ás probas de xuño, as/os estudantes matriculados a tempo parcial e con dispensa académica concedida terán dereito a realizar probas escritas semellantes ás realizadas no longo do curso (40%) e terán unha entrevista oral individual coa profesora en substitución das discusións dirixidas e outras actividades orais (30%). En calquera caso, a/o estudante que teña concedida unha dispensa académica deberá porse en contacto co profesorado da materia a principio de curso para planificar os axustes necesarios no proceso de aprendizaxe-avaliación.

CUALIFICACIÓN DE "NON PRESENTADO": Aquel(a) alumno/a que non se presente á proba de xuño ou na oportunidade de xullo acadará a cualificación de NP so cando non tivera feito máis do 50% das actividades durante o curso.

AVALIACIÓN XULLO: Os/as estudantes que non teñan acadado un 4 en cada unha e en cada un dos tres apartados de avaliación (exercicios escritos ao longo do curso, participación e actividades orais, probas finais de xuño), aínda que a nota media sexa superior a 5, terán que ir á oportunidade de xullo, na que cada estudante terá que demostrar ter acadadas as competencias da materia mediante a superación de probas escritas semellantes ás realizadas no longo do curso (análise textual e ensaio), probas finais segundo o modelo das probas de xuño, e máis unha entrevista ou actividade oral en substitución das discusións dirixidas, participación en clase e outras actividades.

Sources of information



<p>Basic</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Achebe, Chinua (1958). Things Fall Apart. - Zephaniah, Benjamin (). &quot;A Slave Song&quot;. - Senior, Olive (). &quot;Colonial Girls School&quot;. http://www.poetryarchive.org/poetryarchive/singlePoet.do?poetId=14910 - Bennet, Louise (2008). &quot;Colonization in Reverse&quot;. http://www.thenewblackmagazine.com/view.aspx?index=1377 - Selvon, Samuel (1988). &quot;London Taxi Driver&quot;. - Berry, James (1982). &quot;Lucy's Letters&quot;. London: New Beacon - Kincaid, Jamaica (1988). &quot;Small Place&quot;. New York: Farrar - Adichie, Chimamanda Ngozi (2009). &quot;The Arrangers of Marriage&quot;. London: Fourth State - Breeze, Jean &quot;Binta&quot; (2001). &quot;The Arrival of Brighteye&quot;. http://www.youtube.com/watch?v=Oylxi-pPPwM - Adichie, Chimamanda Ngozi (2009). &quot;The Danger of a Single Story&quot;. . www.youtube.com/watch?v=D9lhs241zeg - Nichols, Grace (1984). &quot;The Fat Black Woman Goes Shopping&quot;. London: Virago - Kay, Jackie (). &quot;Things Fall Apart&quot;. http://www.poetryarchive.org/poetryarchive/singlePoet.do?poetId=5682 - Darko, Ama (2005). Beyond the Horizon. London: Heinemann - Bernardine, Evaristo (1997). Lara. London: Angela Royo P - Dangarembga, Tsitsi (2001). Nervous Condition. London: The Women's Press - Aidoo, Ama Ata (1979). Our Sister Killjoy. Longman African Writers - Atta, Sefi (2010). Swallow. Northampton: Interlink
<p>Complementary</p>	<ul style="list-style-type: none"> - (). . - Boehmer, Elleke (1995/2005). Colonial and Postcolonial Literature. Oxford UP - Keown, Michelle; David Murphy and James Procter, eds. (2009). Comparing Postcolonial Diaspora. . Macmillan - Childs, Peter, and Patrick Williams (1997). Introduction to Post-Colonial Theory. Prentice - Wisker, Gina (2007). Key Concepts in Postcolonial Literature. Macmillan - Ashcroft, B., G. Griffiths and H. Tiffin (2007). Postcolonial Studies: The Key Concepts. Routledge - Lane, Richard (2011). Routledge Concise History of Canadian Literature. Routledge - Patke, Rajeev and Philip Holden (2009). Routledge Concise History of Southeast Asian Writing in English. Routledge - Booker, M. K. (1998). The African Novel in English. An Introduction. Heinemann - Ashcroft, B., G. Griffiths and H. Tiffin (1989/2002). The Empire Writes Back. Theory and Practice in Post-Colonial Literatures. 2nd ed. . Routledge

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

A Literatura Inglesa e a súa Crítica/613G03032

Traballo Fin de Grao/613G03041

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

A Literatura Inglesa e a súa Crítica/613G03032

Subjects that continue the syllabus

Introdución aos Estudos Literarios/613G03005

Literatura Inglesa 1/613G03010

Literatura Inglesa 2/613G03017

Lingua Inglesa 4/613G03019

Lingua Inglesa e os seus Usos 1/613G03020

Cultura e Civilización dos Países de Fala Inglesa/613G03022

Other comments



Aínda que o calendario detallado de lectura darase a coñecer na primeira clase da materia, a docente recomenda encarecidamente ás/aos estudantes que comecen ler os textos longos de obrigada lectura (as novelas de Achebe, Aidoo, e Darko) antes do comezo da materia. Existen varias copias destes dous libros nas bibliotecas da UDC, e tamén se poden atopar ou reservar ambas novelas en librerías por estaren publicadas en editoriais de ampla difusión.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.